UNIVERSIDADE DA CORUÑA

# PROCEDEMENTO PARA A TRAMITACIÓN DE MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS DOS PROGRAMAS OFICIAIS DE DOUTORAMENTO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

De conformidade co previsto na normativa específica de carácter estatal e autonómico, a Comisión Académica dun Programa de Doutoramento (CAPD) pode propor **modificacións non substanciais** da memoria de verificación.

De acordo co Real decreto 822/2021, as **modificacións non substanciais** son cambios menores que melloran o título e que a universidade pode detectar como resultado do proceso de seguimento ou de calquera outro proceso de avaliación.

O **Procedemento para a solicitude de Modificacións nos Programas de Doutoramento** (http://www.acsug.es/sites/default/files/Guia%20Modificacion%20PD_Abril%202023_v2.pdf) da ACSUG determina que modificacións da memoria de verificación do POD poden considerarse como non substanciais. Ademais, establece o prazo (do 1 ao 31 de decembro) e o formulario de presentación de solicitudes de modificacións non substanciais, así como o procedemento que deben seguir as escolas de doutoramento que non contan coa acreditación institucional.

En consecuencia, este documento describe o procedemento que debe seguir unha CAPD para solicitar modificacións non substancias na memoria de verificación dun programa de doutoramento da UDC.

## Procedemento

As propostas de modificacións non substancias dos programas de doutoramento tramitaranse seguindo os prazos previstos no Calendario para a tramitación de modificacións non substanciais dos programas oficiais de doutoramento coordinados pola UDC (Anexo I).

A tal fin, a CAPD elaborará unha proposta de modificacións non substanciais cubrindo o Formulario de solicitude de modificacións non substanciais para programas de doutoramento (Anexo II).

Esta proposta será remitida á Comisión Permanente da EIDUDC, que elaborará un informe preceptivo e vinculante. No caso de ser favorable, a EIDUDC trasladará a proposta xunto co informe á Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente para a súa aprobación en Consello de Goberno.

Unha vez aprobada en Consello de Goberno, a Universidade remitirá a proposta á ACSUG para a súa aceptación. A Axencia deberá notificar a súa resolución no prazo de dous meses. Transcorrido o devandito prazo sen pronunciamento expreso, a Universidade poderá considerar aceptada a súa proposta.

Unha vez aceptada a proposta de modificación pola ACSUG, o centro incorporará as modificacións á memoria do título a través da aplicación do Ministerio de Universidades.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: N96J9DFJOE0T8RQBAFO7UKUG
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 28/07/2023 14:02:33 Página 1 de un total de 3 página(s).

# ANEXO I: CALENDARIO PARA A TRAMITACIÓN DE MODIFICACIÓNS NON SUBSTANCIAIS DOS PROGRAMAS OFICIAIS DE DOUTORAMENTO COORDINADOS POLA UDC PARA A SÚA IMPLANTACIÓN NO CURSO 2024/2025

| **Prazo** | **Órgano responsable** | **Accións que se deben realizar** |
|---|---|---|
| 16 de outubro de 2023 | CAPD | • Remisión á EIDUDC |
| 06 de novembro de 2023 | Comisión Permanente da EIDUDC | • Informe sobre as propostas<br>• Remisión de propostas e informes a VPAID |
| Novembro de 2023 | Consello de Goberno | • Aprobación das modificacións non substanciais |
| Decembro de 2023 | VPAID | • Envío á ACSUG da proposta de modificacións non substanciais |

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: N96J9DFJOE0T8RQBAFO7UKUG
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 28/07/2023 14:02:33 Página 2 de un total de 3 página(s).

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

## ANEXO II: FORMULARIO DE SOLICITUD DE MODIFICACIONES NO SUSTANCIALES PARA PROGRAMAS DE DOCTORADO

### DATOS BÁSICOS DEL TÍTULO

| | |
|---|---|
| **Universidad responsable** | |
| **Universidades participantes** | |
| **Centro responsable del programa** | Escola Internacional de Doutoramento da UDC |
| **Denominación** | |
| **Código RUCT** | |

### DESCRIPCIÓN DE LA MODIFICACIÓN NO SUSTANCIAL

Para cada apartado, se deberá incluir un texto que identifique la modificación:

*Se deberá justificar la modificación solicitada y en su caso, adjuntando la versión modificada del aparado correspondiente de la memoria donde se identifique claramente la modificación que se solicita respecto de la memoria inicial.*

| |
|---|
| **1. Descripción del programa de doctorado** |
| **2. Competencias** |
| **3. Admisión y admisión de estudiantes** |
| **4. Actividades formativas** |
| **5. Organización del programa** |
| **6. Recursos Humanos** |
| **7. Recursos materiales y de apoyo disponible para los doctorandos** |
| **8. Revisión, mejora y resultados del programa** |

Conforme a lo establecido en el artículo 30 del Real Decreto 822/2011, de 28 de septiembre, por el que se establece la organización de las enseñanzas universitarias y del procedimiento de aseguramiento de la calidad, **la universidad aporta junto con esta solicitud la siguiente documentación:**

- Informe favorable a la modificación no sustancial del Sistema Interno de Garantía de Calidad del centro ☐
- Documento en el que conste que la modificación ha sido aprobada por los órganos de gobierno de la universidad ☐

FDO.:
RESPONSABLE DE LA UNIVERSIDAD

Dilixencia para facer constar que o presente documento foi aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 19/07/2023
O secretario xeral

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: N96J9DFJOE0T8RQBAFO7UKUG
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 28/07/2023 14:02:33 Página 3 de un total de 3 página(s).